



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 18 XANEIRO DE 2021

1. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1293/2020.

Autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade e concesión de licenza para cambio de uso de local comercial a vivenda.

Acórdase autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 27/10/2020 para CAMBIO DE USO DE LOCAL COMERCIAL EN PLANTA BAIXA A VIVENDA no edificio situado na RÚA DO MEDIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, o CAMBIO DE USO do citado LOCAL COMERCIAL EN PLANTA BAIXA A VIVENDA, cun orzamento de execución material de 18.891,07 euros.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/2070/2019.

Conceder licenza para a instalación de ascensor.

Acórdase CONCEDER á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SAN CLEMENTE 10, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución presentado o 29/11/2019 e a documentación complementaria presentada o 04/09/2020, licenza para a INSTALACIÓN DE ASCENSOR, cun orzamento de execución material de 15.000 euros.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/641/2020.

Autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, aceptación da cesión de viario e concesión de licenza para a reconstrución de vivenda unifamiliar illada.

Acórdase autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecta municipal de data 04/01/2020 para RECONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA situada no LG QUINTANS DE VILLESTRO, en SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Acéptase a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 04/12/2020, e acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución, RECONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA, cun orzamento de execución material de 36.476,02 euros.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/376/2020.

Conceder licenza para a instalación de ascensor.

Acórdase CONCEDER á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS GARCIA LORCA 8, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o

proxecto básico e de execución, a INSTALACIÓN DE ASCENSOR, cun orzamento de execución material de 41.368,96 euros.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00000165Y.

Concesion de licenza para o despregue de rede FTTH Orange/Jazztel na cidade histórica de Santiago de Compostela (fase 6)

Acórdase CONCEDER a ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SL, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Proxecto de infraestrutura de telecomunicacións para o despregue de Rede FTTH Orange/Jazztel na cidade histórica de Santiago de Compostela - FASE 6-, o PLAN DE DESPREGUE DA REDE FTTH ORANGE/JAZZTEL NA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, cun orzamento de execución material de 20.253,42 euros.

A fase 6 contempla o tendido da rede FTTH de ORANGE no ámbito das seguintes rúas:

- 1.-Rúa das Rodas (núm. 33 -43)
- 2.-Rúa de Entremuros (impares)
- 3.-Algalia de Abaixo (núm. 26 -34)
- 4.-Quinteiro de Rúa do Castro, Pza. San Fiz de Solovio e Ruela de Altamira
- 5.-Rúa de San Fiz de Solovio
- 6.-Travesa da Universidade (Facultade de Historia)
- 7.-Mercado de Abastos (Rúa das Ameas)
- 8.- Quinteiro da Rúa Preguntoiro, Pza. da Pescadería Vella, Rúa e Ruela de Altamira
- 9.- Quinteiro da Rúa das Ameas e Rúa de Altamira

6. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: XPL/3/2019.

Nova exposición pública do proxecto reformado da Normalización de predios na rúa da Estrada (números 84-86).

Apróbase inicialmente o **ámbito da normalización de predios**, que abrangue as seguintes parcelas:

1. Parcela catastral 7658209NH3475H0001EG (rúa da Estrada nº 84-86), inscrita no Rexistro da Propiedade nº 1, cunha superficie de 572,5582 m².
2. Terreo anexo ao local nº 1 resultante da división horizontal do edificio construído no número 69 da rúa do Restollal, cunha superficie afectada de 117,623, lindante ao norte co número 82 da rúa da Estrada. Figura inscrito no Rexistro da Propiedade nº 1 (finca rexistral 30375), e forma parte da parcela catastral 7658208NH3475H0001JG.

En cumprimento do disposto polo artigo 280.3 do RLSG, sométese o proxecto de normalización a **información pública durante o prazo de un mes**, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e notificación individualizada a todos os propietarios afectados.

Como condición para a aprobación definitiva, e sen prexuízo do que resulte do trámite de participación pública, haberá de rectificarse a descrición das parcelas resultantes da normalización, no senso de incluír no soar resultante (A) o terreo situado fóra das aliñacións, cuxa cesión haberá de formalizarse polos adxudicatarios no procedemento de concesión da respectiva licenza de edificación.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/111/2010.

Prórroga de aluguer dun local na rúa do Empedrado nº 7, destinado a uso sociocultural de Casas Novas. CON/111/2010

Acórdase prorrogar o contrato de aluguer dun local situado na rúa Empedrado nº 7, destinado a uso sociocultural de Casas Novas, polo prazo de un ano a contar desde o 20 de xaneiro de 2021 ata o 19 de xaneiro de 2022.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 20 de xaneiro de 2011, na súa cláusula segunda establece que o importe anual será revisado anualmente conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos ó consumo. O prezo actual coincide co da data en que se asinou o contrato. Polo que se propón a revisión do IPC dende **decembro de 2011 ata decembro de 2020**. Tendo en conta que aínda non se publicou a variación correspondente a decembro de 2020, a renta definitiva a partir do 20 de xaneiro de 2021 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2020.

Para o mes de xaneiro de 2021 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 425 eurosmáis IVE, sendo a cantidade resultante de 514,25 euros.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: con/68/2013.

Devolución de fianza de “Obras incluídas no proxecto de Reurbanización da rúa Caramoniña e do espazo libre do equipamento ASD_26, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia CON/68/2013

Acórdase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS PUBLICAS Y CIVILES, S.A. (COPCISA, S.A.), por importe de 10.678,50 euros (Avalista: BANCO DE SABADELL) para responder do contrato de “Obras incluídas no proxecto de Reurbanización da rúa Caramoniña e do espazo libre do equipamento ASD_26, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o periodo 2007-2013”.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: con/59/2017.

Devolución de fianza de “Obras de adecuación de parcela municipal para aparcadoiro público en superficie na Avda de Ferrol “. (Expte . 17/18.)

Acórdase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L., por importe de 3.940,27 euros (Avalista: ABANCA CIF.) para responder do contrato de “Obras de adecuación de parcela municipal para aparcadoiro público en superficie na Avda de Ferrol”.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/49/2020.

Suspensión temporal total das obras por mor da aparición de restos óseos.

Acórdase suspender temporalmente a execución das obras definidas no proxecto “Reconstrución muro na rúa Costiña do Monte”, por mor da aparición de restos óseos e a apertura de dilixencias derivadas ante as autoridades pertinentes, con data efectiva de inicio da paralización 16 de decembro de 2020. O reinicio terá lugar co permiso das autoridades unha vez finalizadas as dilixencias en curso.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/64/2014.

Corrección erro acordo Xunta de Goberno de data 30-novembro-2020, núm.12, relativo a devolución de fianza do “subministro de pezas de recambios de automoción para os vehículos e maquinaria do excmo. Concello de Santiago de Compostela”.

Acórdase proceder á subsanación do erro advertido de xeito que :

Onde dí:

“Autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L., por importe de **6.189,35 euros** (Ingreso en metálico, nº operación: 320150002627, nº de ingreso: 20150001026) para responder do contrato de “Subministro de pezas de recambios de automoción para os vehículos e maquinaria do Excmo. Concello de Santiago de Compostela”

Debe dicir:

“Autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L., CIF: B15214349, por importe de **6.198,35 euros** (Ingreso en metálico, nº operación: 320150002685) para responder do contrato de “Subministro de pezas de recambios de automoción para os vehículos maquinaria do Excmo. Concello de Santiago de Compostela”

URXENCIAS

1. CONTRATACIÓN. REFERENCIA: CON/8/2020.

Anulación por rechazo de firma MODIFICACIÓN DO CONTRATO subministración, instalación e posta en funcionamento dunha serie de actuacións relacionadas coa mobilidade no marco do proxecto SMARTIAGO, divididas en dous lotes diferenciados: Lote 2.

Acórdase modificar o contrato suscrito coa empresa KAPSCH TRAFFICCOM TRANSPORTATION SAU para a **subministración, instalación e posta en funcionamento dunha serie de actuación relacionadas coa mobilidade no marco do proxecto SMARTIAGO, divididas en dous lotes diferenciados: Lote 2 Instalación de sistemas para supervisión e control de acceso guiado en zonas de aparcamento**, cambiando o emprazamento do bolardo de nova instalación previsto na rúa da Trindade, para unha nova ubicación na rúa San Clemente.

2. CONTRATACIÓN. REFERENCIA: CON/34/2018

DAR CONTA RESOLUCIÓN TACGal recurso 226/2020 que anula o procedemento de licitación do Servizo de limpeza nos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase deixar sen efecto o acordo de Xunta de Goberno de 6 de novembro de 2020 de adxudicación do servizo de limpeza nos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela á empresa ISS FACILITY SERVICES. Isto implicará, así mesmo, a anulación do compromiso de gasto aprobado para o seu financiamento.

Año 2020: 110.614,17 euros.

Año 2021: 1.327.373 euros.

Año 2022: 1.216.755,83 euros.

Acórdase anular o procedemento de licitación deste servizo iniciado por acordo Xunta de Goberno de 16 de marzo de 2020. Esta anulación, máis alá da necesaria revisión do estudo económico de base dado o tempo transcorrido dende a súa redacción, non esixe a substitución ou modificación dos pregos administrativo e técnico de aplicación. Non obstante, analizado no seu conxunto o desenvolvemento do procedemento, procederase a súa revisión, coa finalidade de resolver discrepancias, simplificar conceptos e clarificar obxectivos, buscando así unha maior transparencia.

Apróbase remitir o novo expediente á Asesoría Xurídica e á Intervención municipal, para a emisión dos correspondentes informes preceptivos.

Apróbase o inicio dun novo procedemento de licitación; ademais de dar conta do actuado ao TACGAL.

3. SENTENZAS. REFERENCIA: 2021/00000794W

O obxecto da do procedemento, interposto polas comunidades do polígono B SUNP 6 San Lázaro, era a denegación de licenza de legalización por obras para cambio de acceso a garaxe. A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

A parte demandante viña de executar, sen título habilitante, obras consistentes en cambio de portalóns no acceso ao garaxe comunitario. O Concello denegou a licenza por falta de autorización autonómica (o garaxe está no Camiño Francés), e por incumprimento do artigo 204 PXOM, sobre requisitos dos garaxes públicos.

4. SENTENZAS. REFERENCIA. 2021/00000810H

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación. O obxecto do procedemento é a licenza para obra e actividade de centro sociocultural privado na Rúa de San Pedro.

As demandantes tiñan recorrido a licenza outorgada, afirmando que a actividade de centro sociocultural privado só era un escaparate para a auténtica actividade que se ía desenvolver no local “A casa do taberneiro”: a de café-bar. Esta hipótese era sustentada con base en certos feitos (o café-bar ocupa o baixo, con acceso dende a rúa principal; non existe espazo para oficina, etc), que ao seu entender xustificaban a conclusión antedita; conclusión tamén acadada polo xulgado.

5. SENTENZAS. REFERENCIA. 2021/00000816R

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, recorrible en apelación.
Obxecto: declaración de ineficacia de comunicación previa de cambio de titularidade.

A licenza de actividade para elaboración de tecnosolos estaba, dende o 2011, a nome de Áridos, empresa que viña explotando a canteira; cando a AAI autonómica estaba, dende un primeiro momento, a nome da demandante.

Aquela presenta comunicación previa para cambio de titularidade; que o Concello non acepta porque segundo a información remitida pola Xunta, a actividade que efectivamente se está a desenvolver no coincide coa descrita na AAI e, polo tanto, coa recollida na licenza do 2011; requirindo á interesada que o cambio sexa subxectivo pero tamén obxectivo. O requirimento fundaméntase no disposto no artigo 17.1 do Decreto 144/2016.

O xulgado, sen chegar a cuestionar as razóns de fondo, estima a alegación formal da demandante: agás na desestimación do recurso de reposición, nas outras resolucións o Concello transcribe o precepto na súa totalidade, sen especificar a causa de rexeitamento que está aplicando; non sendo suficiente o mero subliñado do tipo aplicado. Por esta razón, estima unha falta de motivación como vicio meramente formal, ordenando a retroacción das actuacións.